



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Explotación estatística do Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS) e a súa vinculación co plan concertado

CONVOCATORIA: LOCAL, Convocatoria

GRUPO: Cursos Local

ÁREA: Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	8
ADMINISTRACIÓN:	LOCAL	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2025
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 07/03/2025 - 09:00h ao 13/03/2025 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

Esta acción formativa ten por obxectivo proporcionar coñecementos sobre o manexo do Sistema de información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS), concretamente no relativo á explotación estatística e a súa vinculación co plan concertado, ao persoal dos servizos sociais comunitarios municipais.

DESTINATARIOS

Estará destinada a persoal empregado público dos servizos sociais comunitarios con responsabilidades de xestión de datos no Sistema de información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS).

PROGRAMA

Unidades de análises: Concepto e características de cada unidade de análise.

- Usuarios/as.
- Membros da grella familiar.
- Intervencións.
- Unidades familiares.

Filtros de datas que poderemos establecer para a análise para cada unha das variables.

- Acoutar mediante o tipo de data de referencia os datos que se desexan obter e as dúas datas, que establecen o período de tempo ao que se refiren os datos, desde/ata.
- Inicio da intervención.
- Última actualización da intervención.
- Apertura do expediente.
- Intervencións abertas.
- Xestiónes/Actividades.
- Data de resolución.

Estatísticas Univariáveis, Cruces e Xerais

- Obter e xerar estatísticas en función das unidades de análises e das variables seleccionadas.
- Persoas usuarias por sexo, idade, R.A.E. ocupación, nacionalidade, por sector de referencia, por grupo de demanda, grupo de valoración, tipo de demanda, tipo de valoración... interpretación dos distintos datos que devolven as estatísticas.
- Membros da grella familiar por sexo, idade... interpretación dos distintos datos que devolven as estatísticas.
- Intervencións por sector de referencia, por demanda... interpretación dos distintos datos que devolven as estatísticas.
- Amontoamento, tipo de vivenda, expedientes por grupo e tipo de demandas, valoracións... interpretación dos distintos datos que devolven as estatísticas.

- Expedientes traballados, intervencións, usuarios con e sen repetición... interpretación dos distintos datos que devolven as estatísticas.
- Persoas usuarias por prestacións, sector de referencia e sexo para a ficha de avaliación do Plan Concertado.
- Actuacións por prestacións para a avaliación do Plan Concertado.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Terán preferencia os/as profesionais dos servizos sociais comunitarios con responsabilidades na xestión de datos no Sistema de información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS) e na xustificación e presentación do Proxecto Anual de Servizos Sociais Comunitarios Municipais (Plan Concertado).

A selección dos alumnos será realizada polo Servizo de coordinación dos Servizos Sociais Comunitarios, debido a especificidade e finalidade da acción formativa e sempre tendo en conta os criterios sinalados neste apartado.

Para o caso de que o número de persoas participantes que cumpran os criterios anteriores sexa superior ao número de prazas, utilizarase os criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 06/05/2025 a 06/05/2025

NUM. PRAZAS: 16

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME: 06/05/2025 ás 19:00h

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 13 (Informática): O día 06 de maio de 09:30 a 14:30. O día 06 de maio de 16:30 a 19:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA